

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

*INFORME Ó CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE*

CURSO 98-99

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



En cumprimento do establecido no artigo 13 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de outubro de 1998 e o 30 de setembro de 1999.

**Artigo 13:** *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente ó Claustro Universitario da xestión feita nun informe que presentará ante el na primeira reunión que se convoque ó comezo-lo novo curso académico.



## ÍNDICE

1.-	Presentación.....	7
2.-	Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria.....	7
3.-	Elección do Valedor e da Comisión.....	14
4.-	Funcionamento do Valedor.....	14
5.-	Actuacións.....	15
5.1.-	Actuacións de Oficio e Informes.....	15
5.2.-	Queixas.....	16
6.-	Conclusións.....	56
7.-	Referencias estatísticas.....	59



## ***1.- PRESENTACIÓN***

A presentación do informe anual do Valedor da Comunidade Universitaria supón o cumprimento da obriga que establece o artigo 13 do Estatuto e, ó mesmo tempo, a oportunidade de facer balance do traballo realizado. Este non consiste nun simple servizo de recepción de reclamacións, se non que, como xa se ten indicado nos informes anteriores, o obxectivo último é contribuír á mellora da Universidade detectando cuestións de fondo que a veces non son claramente aparentes.

O presente informe corresponde ó período do 1 de outubro de 1998 ó 30 de setembro de 1999. Durante o mesmo en cumprimento do mandato dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela o Claustro aprobou o Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria e procedeu á elección do Valedor e dos membros da Comisión de Asesoramento e Axuda.

## ***2.- ESTATUTO DO VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA.***

Na sesión celebrada o día 4 de marzo de 1999 o Claustro aprobou o Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria. Sen dúbida a modificación máis importante que introduce o novo texto é a creación da Comisión de Asesoramento e Axuda, pero tamén é de destacar, pola súa repercusión cara a medida súa eficacia, a inclusión no artigo 12.2 do deber de tódolos órganos e membros da comunidade universitaria de informar das actuacións que leven a cabo en cumprimento das recomendacións contidas nos dictames ou informes do valedor.

### **ESTATUTO DO VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA**

(Claustro do 4 de marzo de 1999)

#### **Artigo 1.- Concepto**

O valedor ou valedora da Comunidade Universitaria é a persoa comisionada do Claustro Universitario para a defensa e garantía dos dereitos dos membros da comunidade universitaria recoñecidos nos Estatutos e naquelas disposicións que os desenvolvan.

#### **Artigo 2.- Funcións**

1.- O valedor da Comunidade Universitaria exercerá as funcións que este Estatuto lle encomende e as que contemplan as disposicións de desenvolvemento.

2.- Para o exercicio das súas funcións o valedor contará coa asistencia dunha comisión de asesoramento e axuda.

3.-En particular, o valedor supervisará a actuación administrativa da Universidade, cuidando de oficio ou a instancia de parte que quede garantido o exacto cumprimento dos dereitos dos membros da comunidade universitaria, para evitar situacións de arbitrariedade. Todo isto sen prexuízo dos recursos e garantías contidas nos Estatutos e na lexislación vixente.

### Artigo 3.- Elección

1.-Poderá ser elixido valedor calquera membro da comunidade universitaria con acreditada imparcialidade, prestixio e honestidade. A condición de valedor é incompatible co desempeño de calquera outro cargo de goberno universitario.

2.-O valedor da Comunidade Universitaria será elixido polo Claustro, e non poderá ocupa-lo cargo máis de dous mandatos consecutivos, sendo de aplicación o disposto no artigo 62.3 dos Estatutos.

3.- Resultará elixido aquel candidato ou candidata que obteña o voto favorable da maioría absoluta do Claustro en primeira votación. Se ningún candidato ou candidata acadase maioría absoluta en primeira votación, realizarase unha segunda votación entre os que manteñan a súa candidatura, e resultará elixido quen obteña maior número de votos.

### Artigo 4.- Perda da condición

1.- O valedor perderá a súa condición por algunha das seguintes causas:

a) A petición propia

b) Pola renovación total do Claustro que o elixiu

c) Por morte ou incapacidade legal sobrevida



d) Por perda das condicións necesarias para ser elixido

e) Por incumprimento ou deixadez das funcións para as que foi elixido, a través dunha moción de censura da maioría absoluta do Claustro

2.- No caso de cesamento polas causas a) e b), quedará en funcións ata a elección do seu sucesor. Cando o cesamento se produza polas restantes causas quedará en funcións un dos membros da comisión de asesoramento e axuda elixido por esta.

3.- Unha vez que o valedor perda a súa condición, deberá procederse á súa elección na primeira sesión ordinaria do Claustro.

#### Artigo 5.- Comisión de Asesoramento e Axuda

1.- A Comisión de Asesoramento e Axuda estará integrada por:

2 membros da comunidade universitaria do sector do alumnado

2 membros da comunidade universitaria dos sectores do profesorado e axudantes

2 membros da comunidade universitaria do sector do PAS

2.- Os membros da Comisión serán elixidos polo sector respectivo do Claustro cada vez que este se renove na súa totalidade, na súa primeira sesión ordinaria, podéndose votarlle a un único candidato.

3.- Perderase a condición de membro da Comisión de Asesoramento e Axuda:

A petición propia

Pola renovación total do Claustro que o elixiu

Por morte ou incapacidade legal sobrevida

Por perda das condicións necesarias para ser elixido

Por incumprimento ou deixadez das funcións para as que foi elixido, apreciada polo Claustro

4.- No caso de perda da condición dalgún dos membros, serán substituídos na primeira sesión ordinaria do Claustro.

5.- Os membros da Comisión de Asesoramento e Axuda terán as mesmas garantías establecidas para o valedor neste Estatuto.

#### Artigo 6.- Funcións da Comisión de Asesoramento e Axuda ó valedor

Son funcións da Comisión de Asesoramento e Axuda ó valedor:

Elixir entre os seus membros a persoa que actuará como valedor en funcións nos supostos das letras c), d) e e) do artigo 4, ata a elección do novo valedor.

Instar ó valedor a apertura de actuacións de oficio cando medien indicios razoables de actuacións contrarias ós dereitos dos membros da comunidade universitaria, que teñan incidencia xeral nela.

Segui-la tramitación das queixas e expedientes a través da información que periodicamente lle facilite o valedor, podendo achegar suxestións sobre o seu desenvolvemento.

Cóñece-las causas e motivos para a resolución das queixas e expedientes tramitados, así como as actuacións levadas a cabo no seu cumprimento.

Prestar calquera outra axuda ou asesoramento que lle sexa solicitado polo valedor.

#### Artigo 7.- Das reunións da Comisión

1.- A Comisión de Asesoramento e Axuda reunirse polo menos unha vez cada mes por convocatoria do valedor e baixo a súa presidencia.

2.- Igualmente deberá ser convocada cando o soliciten polo menos dous tercios dos seus membros debendo reunirse nun prazo non superior a quince días.

## Artigo 8.- Dos medios do valedor

1.- Para o desempeño das súas funcións disporá dos medios persoais e materiais que o fagan posible.

2.- O valedor terá a consideración de cargo equivalente ó de vicerrector para os efectos económicos e protocolarios. Igualmente poderá gozar de exención total das súas obrigas docentes ou doutra índole como membro da Universidade de Santiago de Compostela.

## Artigo 9.- Das garantías do valedor no exercicio da súa función

O valedor non poderá ser expedientado nin sancionado por razón das opinións que formule ou polos actos que realice no exercicio do seu cargo. Así mesmo, non estará sometido a mandato imperativo ningún, nin recibirá instrucións de ningunha autoridade ou órgano de goberno da Universidade.

## Artigo 10.- Deber de sixilo

O valedor deberá garda-la confidencialidade dos datos e informacións de carácter persoal ou reservado obtidas no desempeño das súas funcións. En todo caso estes datos poderán ser dados a coñecer ós membros da Comisión de Asesoramento e Axuda, ós que vincula igualmente o deber de sixilo.

## Artigo 11.- Procedemento

1.-A actuación do valedor poderá iniciarse de oficio ou mediante queixas formuladas por membros da comunidade universitaria ou persoas que se consideren afectadas por actuacións universitarias. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito, no prazo máximo de dous meses lectivos dende que se tivese coñecemento dos feitos que motivan a solicitude de intervención.

2.- O valedor garantirá a confidencialidade en relación á identidade das persoas que presenten queixas.

3.- Recibida unha queixa, darase contestación motivada sobre a súa admisión ou non a trámite no prazo máximo de quince días.

4.- O valedor non poderá entrar no exame das queixas relativas a materias que estean sometidas a procesos xudiciais ou sobre as que penda un expediente administrativo sancionador.

5.- Admitida a queixa, o valedor promoverá a oportuna investigación para o esclarecemento dos feitos que a motivaron.

6.- O procedemento rematará mediante un dictame ou informe, no que mostrará o seu parecer sobre a queixa presentada, e facendo as recomendacións que considere pertinentes sobre o xeito de actuar de órganos, membros ou servicios da Universidade de Santiago.

7.- Así mesmo, o valedor, de oficio, poderá realizar informes sobre aquelas materias universitarias que considere oportuno. Tamén poderá formular recomendacións perante outros órganos ou administracións públicas a través do rector.

8.- As decisións do valedor en ningún caso poderán modifica-los actos e resolucións da Administración pública universitaria. Tampouco serán susceptibles de recurso nin de impugnación xudicial.

9.- Cando das actuacións practicadas se desprenda que a queixa foi orixinada polo abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia ou omisión dun órgano ou membro da comunidade universitaria, o valedor presentarlle un informe ó rector para que tome as medidas adecuadas para o restablecemento da situación perturbada.

#### Artigo 12.- Deber de colaboración

1.-Tódolos órganos e membros da comunidade universitaria están obrigados a auxilia-lo no exercicio das súas funcións. O valedor poderá esixir dos responsables ou encargados dos distintos servicios da Universidade a exhibición de tódolos documentos ou datos que considere necesario coñecer para o desenvolvemento máis eficaz da súa función.

2.- Igualmente tódolos órganos e membros da comunidade afectados deberán informar ó valedor das actuacións levadas a cabo en cumprimento das recomendacións do valedor contidas nos seus dictames ou informes.

3.- Os incumprimentos do deber de colaboración por parte de órganos ou membros da comunidade universitaria, ademais de seren comunicados ó rector para que tome as medidas oportunas, deberán facerse constar no informe anual do valedor.

#### Artigo 13- Do informe anual

O valedor dará conta anualmente ó Claustro Universitario da xestión feita nun informe que presentará ante el na primeira reunión que se convoque ó comenza-lo novo curso académico.

#### Artigo 14.- Reforma do Estatuto do valedor

A iniciativa de reforma parcial ou total deste Estatuto corresponde a un tercio dos membros do Claustro. A aprobación corresponderá ó Claustro por maioría simple.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Na primeira sesión ordinaria do Claustro posterior á aprobación deste Estatuto, procederase á elección do valedor e dos membros da Comisión de Asesoramento e Axuda.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

O primeiro valedor elixido despois da aprobación deste Estatuto desempeñará o seu cargo ata a renovación total do Claustro, e poderá ser reelixido só por unha vez.

#### DISPOSICIÓN FINAL

O presente Estatuto entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación polo Claustro da Universidade, e quedará derogado desde ese momento o Estatuto aprobado pola Xunta de Goberno do 3 de xullo de 1995.

### **3.-ELECCIÓN DO VALEDOR E DA COMISIÓN:**

Na sesión celebrada o día 20 de maio de 1999 o Claustro procedeu á elección do Valedor e dos membros da Comisión de Asesoramento e Axuda:

*Valedor da Comunidade Universitaria:*

D. Florencio Arce Vázquez

*Comisión de Asesoramento e Axuda:*

Dona. Sabela Villena García del Real	Sector Estudiantado
Dona. Susana Vázquez Pérez	Sector Estudiantado
Dona. M <sup>a</sup> . del Carmen Segura Iglesias	Sector Profesorado
Don. Xosé Luis Barreiro Barreiro	Sector Profesorado
Don. Alberte Pérez Viso	Sector P.A.S.
Dona. Carmen Jove Ferreiro	Sector P.A.S.

Dende a súa constitución véñense celebrando reunións con periodicidade mensual, tal como establece o artigo 7.1 do Estatuto. É un deber deixar constancia de que a actuación desta comisión en ningún momento repercutiu na rapidez e eficacia con que é preciso atender as demandas dos membros da comunidade universitaria, e que pola contra a súa asistencia facilita unha mellor análise das queixas plantexadas.

A comisión seguiu a tramitación das queixas e coñeceu as causas e motivos para a resolución das mesmas, tal e como establece o artigo 6 do Estatuto, e espero que no futuro suxira a apertura de actuacións de oficio, facendo chegar as inquietudes dos distintos sectores da Comunidade Universitaria.

### **4.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR**

O novo texto do Estatuto segue mantendo unha dobre perspectiva do funcionamento:

- supervisala actuación da Universidade co fin de corrixilas posibles irregularidades, demoras ou silencios e tódolos indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na búsqueda de solucións ós problemas plantexados mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se proponhan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual,

senón que dentro do respecto ós Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.
- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar dictame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servicios obxecto da queixa.
- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir dictames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.
- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

É necesario sinalar que se ben o número de queixas formalizadas parece tender a estabilizarse, as consultas recibidas, tanto telefónicas como presenciais, sufriron un considerable incremento.

## **5.- ACTUACIÓNS**

### **5.1.- ACTUACIÓNS DE OFICIO E INFORMES**

#### ***Q9812/02***

A través tanto de queixas tramitadas como de consultas que me foron realizadas, púxose de manifesto a existencia de retrasos, nalgúns casos considerables, na remisión das actas de exame polo que se abriu unha investigación de oficio prevista no Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria.

Solicitouse información sobre o cumprimento, no curso 1997/98, do prazo que para a entrega das actas de exame establece a Normativa de Xestión Académica da USC, e *deuse traslado á Secretaría Xeral da Universidade dos retrasos observados, coa recomendación de que se tomaran as medidas necesarias para que no futuro se cumpra a normativa e se eviten os prexuízos que se causan ós estudantes.*

#### ***Q9812/03***

A través tanto de queixas tramitadas como de consultas recibidas púxose de manifesto que o profesorado non dispón das actas de exame na data aprobada para a súa realización, e que nalgúns casos o retraso na recepción é considerable non dispoñendo das mesmas ata a segunda quincena do mes de xullo.

*Recoméndase á Secretaría Xeral da Universidade que se tomen as medidas necesarias co fin de que o profesorado dispoña das actas de exame con anterioridade á data de realización dos mesmos.*

## **5.2.- QUEIXAS**

### ***Q9810/01 - Q9810/02***

En relación coa modificación do apartado 42 das Normas de Xestión Académica aprobadas pola Xunta de Goberno da Universidade con data 16 de xuño de 1998. Como consecuencia da referida modificación durante o curso 98/99 autorízase a realizala matrícula ata un máximo de 3 materias consonte un plano renovado para que sexan imputadas a un plano en proceso de extinción.

Os informes recibidos poñen de manifesto que ós presentadores da queixa se lles aplicou correctamente a normativa aprobada pola Xunta de Goberno.

### ***Q9810/03***

En relación co retraso na entrega das actas de exame dunha materia correspondente á convocatoria de xuño do curso 1997/98. Na mesma indícase que as mencionadas actas de exame non foron entregadas ata mediados do mes de setembro, polo que non lle foi posible ó presentador da queixa formalizalo depósito do título de licenciado dentro dos prazos establecidos nalgunhas convocatorias de bolsas de estudos.

Os informes solicitados puxeron de manifesto que á profesora encargada da materia foille informada favorablemente unha solicitude de concesión de permiso, e posteriormente resolveuse concedela licencia sen que tivera cumpridas ou atendidas substitutoriamente unha parte importante das súas obrigas como é a entrega das actas de exame. Dado os prexuízos que se poden ocasionar ós



estudiantes, como é claro no caso da presente queixa, *recoméndase que no futuro non se concedan permisos naqueles casos nos que non se teña garantido que quedan cumpridas ou cubertas tódalas obrigas que teña o solicitante do permiso ou licencia.*

Por outra banda, xa que no informe do Sr. decano se indica que as actas de exame correspondentes á convocatoria de xuño non lle foron remitidas ata a segunda quincena de xullo, e aínda que este feito non poida ser xustificativo da concesión do permiso nin do retraso na entrega das actas de exame, tampouco pode ser ignorado e por elo cómpre *suxerir que os profesores dispoñan das actas de exame antes da data aprobada para a realización dos mesmos.*

### ***Q9810/04***

Igual ás queixas *Q9810/01* e *Q9810/02*.

### ***Q9810/05***

Presentada por unha estudante en relación coa denegación dunha solicitude de validación de estudos. Na mesma indica que ten cursada unha materia do plano de estudos non renovado e que lle foi denegada a validación da mesma por créditos de libre elección.

O Sr. vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións da Universidade de Santiago de Compostela comunica que resolveu validar a materia como créditos de Libre Elección tal e como establece a Resolución que recoñece a equivalencia de créditos.

### ***Q9810/06***

En relación coa montaxe pola Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela dunha obra en castelán. Na mesma manifestan que este feito pode infrinxila normativa da Universidade nalgún dos seus preceptos como os da normalización lingüística.

Non se recibiu un dos informes solicitados.

*Pendente da elaboración do informe final.*

## ***Q9810/07***

Presentada por un estudante en relación co número de convocatorias de exame a que tivo dereito no curso académico 1997/98.

O informe recibido do Servicio de Alumnado sinala que cando o alumno fixo a solicitude para que se lle revogase a anulación de matrícula xa se tiñan realizado os exames correspondentes á convocatoria de xuño. Tal e como establece o artigo 5, apartados 1 e 2 do Decreto 191/1997 do 3 de xullo de prezos públicos o dereito a exame e a avaliación correspondente das disciplinas matriculadas estará limitado polas incompatibilidades académicas derivadas do plano de estudos, neste caso a incompatibilidade está provocada polo momento no que o alumno realiza a solicitude de revisión da anulación de matrícula, posterior á realización dos exames da convocatoria de xuño. A resolución que se dictou surte efectos dende o momento que se produce, non tendo efectos retroactivos, polo tanto neste momento a única convocatoria de exame á que pode presentarse é a de setembro.

## ***Q9810/08***

Queixas relacionadas co retraso na entrega de actas de exame correspondentes á convocatoria de setembro.

Na información recibida da Unidade de Xestión Académica indícase que o día 21 de outubro de 1998 estaban pendentes de entrega as actas de exame da convocatoria de setembro das materias que motivan a queixa.

*Enviouse escrito ó Secretario Xeral poñéndoo en coñecemento dos feitos e indicándolle que: “Tendo en conta as datas aprobadas pola Xunta de Goberno da Universidade para a celebración dos exames da convocatoria de setembro do curso 1997/98, os prazos de entrega das actas de exame que establece a Normativa de Xestión Académica da USC e os prazos de revisión de exames establecidos nas Directrices Xerais sobre Avaliación do Rendemento académico dos estudantes da USC, considero que se produciu un retraso na entrega das actas de exame que motiva a presente queixa, e que o mesmo prexudicou ós presentadores da mesma impedíndolles solicitala validación de estudos dentro dos prazos establecidos.*

*Por iso recomendo a V.I. que tome as medidas necesarias para facer cumprilos prazos de entrega das actas de exame.”*

### ***Q9810/09***

Presentada queixa por un profesor en relación co retraso en recibir resposta a escritos nos que solicitaba actuacións relacionadas co procedemento seguido no Departamento para a elaboración das propostas de nomeamento dos membros das comisións encargadas de xulgar os concursos de profesorado, e co criterio de antigüidade aplicado para a elaboración do POD, sen que teña recibido resposta ós mesmos.

Solicitada información ó Vicerrectorado *se lle comunica ó presentador da queixa que no caso de que o estime oportuno poderá reclamar a tramitación do correspondente recurso.*

### ***Q9810/10***

Presentada queixa por un profesor en relación coa constitución da comisión encargada de xulgar un concurso de prazas de profesorado contratado.

Solicitáronse informes ó Vicerrectorado de Profesorado e ó Decanato do centro, comprobándose que a constitución da Comisión fíxose de acordo co que establece a normativa aprobada pola Universidade de Santiago de Compostela.

### ***Q9810/11***

Relacionada cun erro no proceso de admisión de alumnos en centros con límites de acceso.

*Non admitida a trámite por tratarse dunha competencia da CIUG (Comisión Interuniversitaria de Galicia).*

### ***Q9810/12***

Presentada queixa por un estudante en relación co pago dos prezos públicos de matrícula. Na mesma indica que no presente curso 1998/99 non lle foi aplicada a redución de prezos públicos por Matrícula de Honra.

Recibiuse un escrito da Unidade de Xestión Académica no que se comunica que se iniciou o expediente de devolución de prezos públicos.

### ***Q9810/13***

Presentada por estudantes en relación coa supresión no curso 98-99 de dúas materias optativas que nos cursos anteriores contaran con moitos alumnos matriculados, sen que polo centro se explicaran as causas que o motivaron.

*Intervense ante o Sr. vicerrector de Ordenación Académica, o Sr. decano do Centro e o Sr. director do Departamento recomendando que se resolva o problema plantexado.*

### ***Q9811/01***

Presentada por unha estudante en relación cunha solicitude de adaptación de estudos. Na mesma indica que solicitou a adaptación dunha materia que tiña aprobada noutra Universidade pola materia equivalente na Universidade de Santiago de Compostela, o que non lle foi concedido nin total nin parcialmente.

Recibida a resolución da reclamación presentada considerouse correcto o procedemento seguido na resolución da solicitude de validación de estudos que motiva a presente queixa.

### ***Q9811/02***

Presentada por unha estudante en relación cun exame correspondente á convocatoria de setembro do curso 1997/98. Na mesma expón que xa se examinara da materia en anteriores convocatorias e que na mencionada convocatoria non lle foi permitido realizalo exame por non ter foto na ficha de clase.

Á vista do informe recibido da profesora encargada da materia, e do que establecen as Directrices Xerais sobre Avaliación do rendemento académico dos estudantes (aprobadas pola Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela o 27 de febreiro de 1997), e tendo en conta que o Estatuto do Estudiantado da Universidade (aprobado polo Claustro o 12 de decembro de 1998) establece no seu artigo 28 que: “Tódolos estudantes matriculados nunha materia teñen dereito a realiza-los exames finais” *considero que non é procedente esixila entrega da ficha de clase como condición previa para que os estudantes sexan avaliados nas materias das que están matriculados.*

### ***Q9811/03***

En relación co procedemento seguido para a matriculación nos cursos que organiza a Aula de Informática do Campus de Santiago de Compostela correspondentes ó primeiro cuatrimestre do curso 1998-99.

A organización e matrícula dos cursos que organiza a Aula de Informática foron modificadas no segundo cuatrimestre do curso 1998/99.

### ***Q9811/04***

Presentada queixa por un estudante en representación dunha coalición electoral dunha Residencia Universitaria. Na mesma indica que na reunión do Consello de Residentes celebrada o día 2 de novembro o Sr. director da residencia prohibiu a celebración dunha reunión que a coalición electoral tiña previsto celebrar o día 4 de novembro.

No informe que lle foi solicitado o Sr. director da mencionada residencia indica que a reunión estaba anunciada publicamente nas entradas da residencia, sen que con anterioridade lle fora presentada unha solicitude, o que non era a primeira vez que ocorría, xa que unha ou dúas semanas antes, pasara o mesmo. Ante este feito na reunión do Consello de Residentes do día 2 de novembro, fíxolle saber ós membros do mesmo, que antes de conceder ou denegar calquera sala da residencia, o único requisito que necesita o director e ter coñecemento de que se vai levar a cabo unha xuntanza, e solicita-la sala que se necesite.

Consultado o Regulamento do Servicio Universitario de Residencias (SUR) da Universidade de Santiago de Compostela o artigo 26.e sobre faltas graves e leves, establece que constitúe falta leve:

“Organizar ou participar en calquera actividade que perturbe a convivencia dentro da residencia, ou calquera outra sen coñecemento e autorización da dirección.”

Parece claro que a vontade da Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, órgano que aprobou o Regulamento do SUR é que os Directores ou Directoras das residencias coñezan e autoricen tódalas actividades que se organicen nas mesmas. Sen embargo este condicionamento ten que facerse compatible co dereito de reunión dos residentes recoñecido no artigo 21 do Estatuto do Estudiante da Universidade de Santiago de Compostela:

“Artigo 21: Do dereito de reunión

Tódolos estudantes e asociacións teñen dereito a reunírense en locais universitarios. Para tal efecto será preciso cursar con antelación suficiente a oportuna solicitude ó responsable de tales espazos. A solicitude deberá ser atendida salvo que medien circunstancias excepcionais que aconsellen o contrario.”

polo que *recomendo que se flexibilice ó máximo o procedemento para solicitala autorización e que a denegación da mesma se faga só se median as mencionadas “circunstancias excepcionais”.*

## ***Q9811/05***

Igual á queixa *Q9811/03*

## ***Q9811/06***

En relación co non recoñecemento da cualificación de aprobado obtida na convocatoria de xuño nunha materia por non ter aprobada a materia prelación que superou na convocatoria de setembro. Como consecuencia a presentadora da queixa non puido obtelo título de licenciada ata a convocatoria de febreiro.

Na resolución desestimatoria da reclamación presentada pola estudante indícase que as materias prelaciónadas non poden ser superadas sen antes superar a materia prelación. A Instrucción do 5

de xullo de 1993 establece que, para recoñecer a cualificación da materia prelacionada é necesario que esta se supere na mesma convocatoria que a materia prelación.

Solicitado informe ó profesor encargado da materia, este comunicou que se por “facerse pública” se entende que se expuxo a súa cualificación en listas de notas, ou mesmo en “papeletas”, si se fixo pública, como a de calquera outro estudante que estivera matriculado na asignatura na convocatoria de xuño de 1998. A cualificación que se fixo pública foi a de “Aprobado”.

Á vista da información recibida non se observa que a presentadora da queixa fora obxecto de trato discriminatorio con respecto a outros estudantes nos que concorren as mesmas circunstancias.

Sen embargo a presente queixa pon de manifesto a existencia dun problema de carácter xeral consecuencia da aplicación dunha Instrución para a que non se encontra unha fácil xustificación. Así, non parece xusto que un estudante que demostra que posúe os coñecementos necesarios para superar unha materia, e que mesmo teña sido cualificado de xeito público como aprobado, teña que revalidalos seus coñecementos con posterioridade como consecuencia da existencia dunha prelación entre materias que os propios feitos poñen en evidencia.

*Por elo suxiro que dentro da lóxica ordenación das materias que debe ter un plano de estudos, se analice a necesidade de mantela prelación de materias ou ben de modificala de xeito que se eviten situacións como a que motiva a presente queixa, e que poden ocasionar prexuízos ós estudantes por canto poden ver retrasada a data de remate dos seus estudos.*

O Vicerrectorado de Ordenación Académica informou que ven prestando especial atención as prelacións que conteñen os anteproxectos dos novos planos de estudo na liña de evitar situacións como a que plantexa a presente queixa.

### ***Q9811/07***

Presentada por unha estudante en relación cos prexuízos que lle ocasiona a modificación efectuada por Resolución Rectoral do 11 de novembro de 1998 das condicións requeridas para matricularse na convocatoria Fin de Carreira que figuran no libro de matrícula do curso 1998/99.

O Sr. vicerrector de Ordenación Académica informa que para os alumnos que lles favorecía a anterior normativa, foron dictadas resolucións favorables para que non os prexudicara un cambio tardío da norma, que só pretende adaptarse ós novos planos.

### ***Q9811/08***

Presentada por unha estudante en nome da Plataforma por Unha Universidade Normalizada na que indica que distintos membros do equipo rectoral non conceden as entrevistas que solicitan os membros da referida plataforma ou pospoñen as reunións con eles.

Dado que no escrito de queixa non especifica cáles son os membros do equipo rectoral ós que vai dirixida a queixa, solicitouse esa información á presentadora da mesma non tendo recibido resposta ata o momento.

*A falta de concreción da queixa non permite que sexa admitida a trámite, sen embargo, e co fin de informar á presentadora da mesma solicitouse información do procedemento que poden seguir os membros da comunidade universitaria para solicitar entrevistas cos membros do equipo rectoral e do tempo aproximado que se tarda en concedelas mesmas e deuse traslado da mesma á presentadora do escrito.*

Por outra parte no escrito recibido do Vicerrectorado de Coordinación do Campus de Compostela indícase que a Plataforma por unha Universidade Normalizada, ou cando menos algúns dos seus membros, foron recibidos tanto polo Sr. vicerrector de Ordenación Académica como polo Sr. vicerrector de Coordinación do Campus de Compostela. En concreto no Vicerrectorado de Coordinación foron recibidos en catro ocasións dende o mes de xuño, e incluso se concertara unha charla coloquio do Vicerrector con membros da Plataforma a celebrar no mes de xaneiro, que logo foi cancelada a petición da propia Plataforma.

## ***Q9811/09***

En relación coas normas de funcionamento establecidas na Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo, que non permiten beber no interior das salas de lectura.

Solicítase informe á Dirección da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela no que se xustifica a prohibición que motiva a queixa e sinala que a Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo non aplica unha norma diferente, xa que en tódolos puntos de servizo da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela se cumpre como norma de uso a prohibición de beber.

Sen embargo, como di o informe recibido da dirección da Biblioteca Universitaria, “...son funcións das distintas Comisións de Bibliotecas de centro asesorar nas diferencias de criterio que puideran xurdir entre a Biblioteca e calquera dos seus usuarios...”, polo que a solicitude de modificación



das normas que prohiben beber nas salas de lectura deberán de presentala á Comisión da Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo para que sexa debatida pola mesma.

*Deuse traslado da solicitude e da copia das sinaturas que a acompañan, ó Sr. director da Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo, para o seu coñecemento e por se considera conveniente levala solicitude á mencionada Comisión.*

## ***Q9812/01***

En relación cunha solicitude de recoñecemento de créditos de libre elección. Na mesma indícase que a alumna presentou unha solicitude de recoñecemento do curso “Xornadas sobre a conservación do lobo ibérico”, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, como créditos de libre elección en orde á flexible configuración do seu currículo e que se desestimou a súa solicitude xa que o mencionado curso non está recoñecido para a Licenciatura que cursa.

Vistas as Normas de Xestión Académica desta Universidade no referente a seminarios e actividades para a libre configuración curricular o apartado 89.1 di o seguinte:

### **89.1.- Recoñecemento de seminarios e actividades académicas.**

A libre configuración curricular poderá efectuarse mediante a realización dos seminarios ou actividades académicas que previamente recoñeza a Universidade para iso.

O recoñecemento de seminarios ou actividades para ser aplicados á libre configuración curricular, realizarao o Rector a proposta dos decanos ou directores, trala aprobación das respectivas xuntas do centro e para os planos de estudos que se xestionen nas facultades ou escolas propoñentes.

En consecuencia dado que o curso “Xornadas sobre a conservación do lobo ibérico” foi proposto pola Facultade de Bioloxía e recoñecido por Resolución Rectoral do 13 de Marzo de 1998, como créditos de libre elección para ser imputado á Licenciatura de Bioloxía, non pode ser recoñecido para outros estudos.

Sen embargo o tratamento que dentro da libre configuración curricular se da ós “Seminarios e actividades” parece non corresponderse co que se da ás materias incluídas nos planos de estudos. Así, o artigo 88 das Normas de Xestión Académica desta Universidade establece:

### **88. Materias de libre elección**

Terán a consideración de materias de libre elección, para os efectos da libre configuración curricular, tódalas materias que compoñan os planos de estudio renovados e as que compoñan os planos de estudos non renovados se non estiveran en proceso de extinción, agás:

a) As materias que pola súa natureza estean excluídas pola Xunta de Goberno.

b) Para cada titulación, aquelas materias impartidas noutros planos de estudio de contido idéntico ou moi semellante as propias do plano de estudio que está a cursa-lo alumno.

A exclusión de materias realizaraa a facultade ou escola, que deberá dar conta ó Vicerrectorado correspondente no prazo que determine.

polo que, referíndonos ó caso concreto que motiva a presente queixa, a estudante podería incluír na libre configuración curricular calquera materia do plano de estudos de Bioloxía (salvo que estivera expresamente excluído) pero non pode incluír unhas xornadas organizadas por dita Facultade.

Por outra parte os estudantes de Bioloxía non poden incluír como libre configuración curricular materias con contidos semellantes ás propias do seu plano de estudos, pero poden incluír seminarios ou actividades que organice o centro, independentemente de cal sexa o seu contido.

*Por elo suxiro que por tratarse dunha libre configuración do currículo se estudie a posibilidade de estender a tódolos estudantes a posibilidade de incluír os Seminarios e Actividades que recoñeza a Universidade calquera que sexa o Centro organizador das mesmas.*

### ***Q9812/02***

*Referenciada no apartado de actuacións de oficio e informes*

### ***Q9812/03***

*Referenciada no apartado de actuacións de oficio e informes*

### ***Q9812/04***

Presentada por estudantes de terceiro ciclo en relación coa expedición da tarxeta de identidade. Na mesma se expón o seguinte:

1.- Que remataron os cursos de doutoramento en xuño de 1998 e actualmente están realizando a tese de doutoramento cunha dedicación a tempo completo que lles foi acreditada polo departamento correspondente.

2.- Que non se lles renovou a tarxeta de identidade para o curso 1998/99 xa que de acordo co convenio que a Universidade de Santiago de Compostela ten subscrito con Caixa Galicia só se lle renova a referida tarxeta de identidade a aqueles estudantes que estean matriculados nalgunha materia.

Dado que o artigo 127 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela lle reconece a condición de estudantes de terceiro ciclo a aqueles que “...nos tres anos seguintes ó remate do curso de doutoramento, estean a realiza-la tese de doutoramento con dedicación a tempo completo, acreditada polo departamento ou instituto”, *solicítouse ó Sr. vicerrector de Asuntos Económicos que tome as medidas que considere oportunas para que lles sexa expedida ou renovada a tarxeta de identidade a todos aqueles membros da Comunidade Universitaria que, ó igual que os presentadores da queixa, teñan reconecida a condición de estudantes de terceiro ciclo nos Estatutos da USC.*

## ***Q9812/05***

Presentada por estudantes en relación coa denegación da solicitude de cambio de grupo. Na mesma indican que solicitaron o cambio de grupo nunha materia por coincidencia do horario da mesma co dunha materia optativa da que estaban matriculados, polo que ó serlle denegada a solicitude vense na imposibilidade de cursar a materia optativa que tiñan elixida.

No informe que lle foi solicitado o Sr. decano comunica o procedemento de solicitude e concesión de cambios de grupo que ten aprobado o centro e indica que o motivo da denegación foi esencialmente o excesivo número de solicitudes, que provocarían un desequilibrio no tamaño dos grupos, o que está previsto no mencionado procedemento.

*Á vista do anterior informe cómpre sinalar que na resolución das solicitudes de cambio de grupo que motivan a presente queixa o centro respectou o procedemento aprobado.*

*Sen embargo, se ben con carácter xeral os centros deben coidar que os estudantes non se vexan prexudicados pola asignación de grupos, no caso que motiva a presente queixa e tendo en conta o elevado número de solicitudes de cambio de grupo que foron denegadas considero necesario recordar a obrigatoriedade de cumprilo establecido no artigo 13 do Regulamento sobre avaliación docente dos estudantes (Xunta de Goberno de 27 de febreiro de 1997):*

*“Os centros establecerán os criterios tanto para a asignación como para o cambio de grupo. Tales criterios poden ter en consideración as características das diferentes materias.*

*En todo caso, o artigo 115.1 (dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela) asigna ó Consello de Departamento a programación da avaliación do rendemento dos estudantes, polo que é necesario que os alumnos dos distintos grupos dunha mesma materia non sexan prexudicados como consecuencia do grupo que lles corresponda.*

*Os departamentos teñen a obriga de homoxeneizar os criterios de avaliación entre todos os grupos dunha mesma materia.*

*En consecuencia, naqueles casos en que as probas de avaliación dos diferentes grupos sexan diferentes e/ou tales probas sexan avaliadas por distintos profesores en función do grupo do alumno, o Consello de Departamento e a COAP estudarán as posibles solucións incluíndo a autorización de elección de grupo para os únicos efectos de presentación ás probas de avaliación.”*

#### ***Q9812/06***

Presentada por un estudante en relación cos feitos sucedidos durante o acto de entrega da Medalla de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela á Xunta de Galicia o día 4 de Nadal de 1998

Solicitouse informe ó Sr. secretario xeral da actuación dos responsables da USC, manifestando que a mesma foi respectuosa coas manifestacións de liberdade de expresión no eido universitario en relación co feito do que se deriva a queixa, liberdade de expresión que debe ser compatible co dereito da comunidade universitaria a participar nun acto acordado democraticamente polos seus órganos de Goberno.

*Deuse traslado do informe ó presentador da queixa.*

#### ***Q9812/07***

Relacionada coa docencia práctica dunha materia. Na mesma indícase que na mencionada materia non se imparten os 4 créditos de docencia práctica que cada estudante ten que recibir de acordo co establecido no plano de estudos.

Recibíronse informes do Sr. decano, do Sr. director do Departamento e do profesor encargado da coordinación da materia. O exposto nos mesmos pon de manifesto que o número de clases prácticas que recibiron os estudantes da referida materia é considerablemente inferior ós 4 créditos que ten asignados, sen que parezan existir carencias de profesorado, instalacións ou medios materiais que o xustifiquen.

*Por elo se recorda a obrigatoriedade de impartir ós estudantes a docencia que se establece na programación docente das diferentes materias.*

### ***Q9812/08***

Sobre o acceso ós estudos da Licenciatura de Medicina.

Na información recibida da UXA non consta que se tivera admitido algún alumno con nota inferior á mínima que se fixo pública para o cupo de PAAU na titulación de Medicina e Cirurxía no presente curso académico 1998/99.

### ***Q9812/09***

Relacionada cun Curso de Especialización que organiza a Universidade de Santiago de Compostela. Na mesma indícase que non se realizaron algunhas das actividades que estaban incluídas na programación inicial do mesmo.

No informe enviado polo Director Académico do curso indícase que: “La organización de este Curso de Especialización se articula a través de un Convenio entre la USC y un centro colaborador. Convenio que limita sus efectos a la impartición de ese Curso y la expedición de un Título de Postgrado, quedando al margen de ese Convenio y sin implicación o vinculación alguna de la Universidad las actividades que, con carácter complementario, para su formación pueda ofrecer el centro colaborador a los alumnos del Curso.

*Suxírese que nas próximas edicións do Curso a Universidade de Santiago de Compostela asuma a responsabilidade sobre o cumprimento de tódalas actividades, tanto académicas como complementarias, que se oferten ós estudantes, ou ben informe con claridade ós estudantes de cáles*

*son as actividades que constitúen o curso, e cáles as complementarias que oferta o centro colaborador pero que non forman parte constituínte do curso nin son responsabilidade da Universidade.*

### ***Q9812/10***

Presentada por un estudante en relación cos criterios que lle foron aplicados na avaliación dunha materia na convocatoria de xuño do curso 1997/98.

O estudante presenta unha reclamación ante o Sr. vicerrector de Ordenación Académica.

### ***Q9812/11***

Presentada por un profesor en relación coa perda da documentación presentada para solicitude dun proxecto cofinanciado con fondos F.E.D.E.R.

Solicítase información ó Vicerrectorado de Investigación das causas que motivaron a perda da documentación e das medidas tomadas para palialos prexuízos ocasionados, e facilitala presentación dunha nova solicitude.

*Do informe recibido déuselle traslado ó presentador da queixa.*

### ***Q9812/12***

Presentada por un profesor en relación cun erro de imprenta que se cometeu na edición das Actas dun Coloquio, nas que entre os editores non figura o seu nome correcto senón o doutro profesor do mesmo departamento.

*Infórmase ó presentador da queixa das medidas tomadas para subsanalo erro.*

### ***Q9812/13***

En relación cunha solicitude de matrícula nunha materia de libre configuración.

Do informe recibido da Unidade de Xestión Académica dedúcese que o presentador da queixa non formalizou a matrícula da materia dentro do prazo establecido.

### ***Q9812/14***

Relacionada coa convocatoria de bolsas de colaboración na biblioteca dunha Residencia Universitaria.

*Tanto na mencionada convocatoria de bolsas como na actuación da comisión encargada de resolvelas solicitudes presentadas obsérvanse unha serie de carencias que considero necesario que sexan subsanadas co fin de garantir os principios de igualdade e publicidade. En concreto para próximas convocatorias recomendo que se teña en conta:*

- 1.- A necesidade de que as solicitudes sexan rexistradas no momento da súa entrega, como garantía do cumprimento dos prazos establecidos na convocatoria.*
  
- 2.- A publicación pola comisión, previamente á súa actuación, dos criterios a empregar na avaliación e selección das solicitudes. Se tal como indica o parágrafo 2.b. do informe da dirección da Residencia Universitaria “os criterios son os que figuran no punto 5.d. da convocatoria”, a falta de concreción dos mesmos fai necesario que na resolución e na acta da comisión figure xustificada de xeito claro a puntuación que se asigna a cada solicitude en cada un dos apartados, co fin de garantir a obxectividade do proceso e o dereito de reclamación dos solicitantes.*

### ***Q9901/01***

Presentada por un estudante de terceiro ciclo, en relación co cómputo de créditos para os mencionados estudos.

Resólvese favorablemente o recurso presentado concedéndose a validación de créditos solicitada polo presentador da queixa.

### ***Q9901/02***

Sobre a resolución dun concurso a unha praza de Profesor Asociado convocada pola Universidade de Santiago de Compostela.

Recíbese a comunicación da interposición dun recurso contencioso-administrativo contra a resolución do concurso.

*Por elo, dado que o artigo 11.8 do Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela establece que:*

***“O valedor non poderá entrar no exame das queixas relativas a materias que estean sometidas a procesos xudiciais ou sobre as que penda un expediente administrativo sancionador.”***

*procedeuse ó arquivo da queixa.*

### ***Q9901/03***

Presentada por un estudante en representación dunha asociación en relación coa denegación dunha solicitude de Axuda a actividades culturais.

Á vista da información recibida non se observa ningunha incorrección na resolución adoptada pola Comisión de Actividades Culturais e Deportivas da Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela no caso concreto que motiva a presente queixa. Sen embargo, e aínda recoñecendo as dificultades que presenta a resolución de convocatorias como as mencionadas nas que as axudas solicitadas son moi numerosas e exceden amplamente o presuposto aprobado, *considero necesario facelas seguintes suxestións de carácter xeral:*

- 1.- Como indica o informe do Sr. vicerrector “o requerimento para a aclaración ou complemento da documentación presentada é unha facultade do vicerrector convocante, non unha obriga”, de acordo co que se establece nas bases da convocatoria. Sen embargo é desexable que ós solicitantes se lles de a posibilidade de completala documentación, e que non sexan denegadas axudas a actividades de interese por unha presentación incompleta da documentación.*
- 2.- Na resolución da convocatoria os solicitantes deben ser informados das causas concretas da denegación, así na que motiva a presente queixa deberíaselles indicar cal é a documentación ou información que terían que incluír, deste xeito mellorárase a transparencia da resolución da convocatoria e se facilitaría a presentación das solicitudes nas convocatorias futuras.*



## ***Q9901/04***

Presentada por usuarios da Biblioteca Xeral da Universidade en relación co servizo de fotocopiadora. Na mesma indícase que a fotocopiadora da hemeroteca estivo sen funcionar durante o mes de xaneiro de 1999, o que lles impediu realizalo seu traballo de investigación.

O exposto nos informes recibidos pon de manifesto a existencia dun retraso na actuación da Universidade, xa que nos mesmos non se indica ningunha causa que motive o non funcionamento do servizo de fotocopiadora ata o 25 de xaneiro de 1999, cando pola Dirección da Biblioteca Universitaria se puxeron en coñecemento da Unidade Técnica con data 18 de decembro de 1998 os fallos no mencionado servizo. Aínda que, tal como indica o Sr. vicerrector de Investigación, os obstáculos na correcta subministración eléctrica non son responsabilidade directa da USC. a solución provisoria adoptada o 25 de xaneiro puido terse adoptado con anterioridade e a comunicación a Unión Fenosa non debería terse retrasado ata o 14 de xaneiro, co que, posiblemente, non se vería interrompido o servizo.

*Por elo recomendo que en diante se axilice a adopción de medidas que, de xeito definitivo ou provisorio, solucionen os problemas que se poidan plantexar e non se interrompa o funcionamento de servizos necesarios para o traballo dos membros da Comunidade Universitaria.*

## ***Q9901/05***

Presentada por unha bolsreira Predoutoral da Xunta de Galicia da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa resolución do concurso público de méritos para a provisión dunha praza de profesorado.

Á vista do exposto no escrito de queixa e dos informes recibidos e co obxectivo de garantir unha maior transparencia no proceso de resolución dos concursos de prazas de profesorado interino e contratado da Universidade de Santiago de Compostela *considero conveniente facelas seguintes recomendacións:*

- 1.- A comisión de revisión debería comprobar que a comisión xulgadora informa sobre cada unha das alegacións que presenten os reclamantes, tal e como se lle solicita.*
- 2.- Na documentación enviada pola comisión xulgadora debería incluírse información que necesariamente ten que elaborar e que resulta imprescindible para a actuación da comisión de revisión, como pode ser: criterios empregados na valoración de méritos,*

*puntuación individualizada dos méritos presentados polos concursantes e xustificación da mesma.*

*Así mesmo suxiro que se analice a conveniencia de que a comisión xulgadora estableza e faga públicos os criterios para cualificar o apartado de “Experiencia investigadora” con anterioridade á análise dos méritos, xa que no artigo 23 do Regulamento para a resolución dos concursos dita obriga limitase ó subapartado “Outros méritos de investigación” sen que se indiquen as razóns polas que se exclúe o resto do apartado.*

### ***Q9901/06***

Presentada en relación coa denegación dunha bolsa de estudos.

*Á vista do informe recibido da Sección de Bolsas da Universidade considero que na denegación da bolsa aplicouse correctamente o establecido no artigo 30.B.2 da Orde Ministerial do 15 de xuño de 1998 (BOE do 2 de xullo) na que se establecen as condicións esixidas para a concesión das bolsas e axudas ó estudio.*

### ***Q9902/01***

Presentada por estudantes en relación co acceso a estudos de 2º ciclo. Na mesma indican que están en posesión do título de Diplomado noutra Universidade e teñen cursados os créditos esixidos no curso de adaptación. A pesar delo o centro obrígalles a superar dúas materias do primeiro ciclo como condición para obtelo título de licenciado.

O Sr. vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións da Universidade de Santiago de Compostela comunica que “a interpretación dos textos legais por parte deste Vicerrectorado e do Servicio de Alumnado é favorable á concesión do solicitado polos estudantes afectados.”

### ***Q9902/02***

Presentada por un bolseiro Predoutoral da Universidade de Santiago de Compostela en relación coa súa exclusión do Plan de Ordenación Docente. Na mesma indica que o Consello de Departamento non aceptou a súa solicitude para ser incluído no Plan de Organización Docente do presente curso académico 1998/99 por non ter unha formación académica adecuada.

O presentador da queixa interpón recurso ante a Xunta de Goberno da Universidade que lle é resolto favorablemente.

### ***Q9902/03***

En relación coa denegación da solicitude de convocatoria extraordinaria fin de carreira.

O Servicio de Alumnado informa que a solicitude que motiva a queixa non foi admitida a trámite por estar presentada fóra do prazo establecido.

### ***Q9902/04***

Presentada por un membro do P.A.S. Con posterioridade o interesado presenta demanda no Xulgado do Social polo que, en cumprimento do establecido no artigo 11.4 do Estatuto do Valedor, *se procede a suspendela investigación.*

### ***Q9902/05***

Presentada queixa por unha licenciada en relación coa certificación do grao de licenciada. Na mesma expón que ten solicitada a modificación do título da Tesiña de Licenciatura que figura na certificación académica, non recibindo resposta á mesma.

A Universidade procede á modificación do título da Tesiña, de acordo coa solicitude presentada.

### ***Q9902/06***

En relación coa matrícula do Proxecto Fin de Carreira.

O estudante presenta recurso e o Sr. vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións resolve autorizando a formalización da matrícula no Proxecto Fin de Carreira sempre que supere as materias pendentes nos exames correspondentes ó primeiro cuatrimestre e teña superados tódolos créditos que configuran a titulación para a presentación do Proxecto Fin de Carreira. Para o que se lle dá un prazo de tres días a partir da recepción da correspondente notificación.

## ***Q9902/07***

Presentada por unha estudante da Escola Politécnica Superior en relación cunha solicitude de exención do pago das taxas de matrícula.

Na mesma expón que no curso 1997/98 estivo matriculada en 3º de Enxeñería Técnica Forestal obtendo a cualificación de Matrícula de Honra nalgunhas materias, e que no curso 1998/99 se matricula en 4º de Enxeñería de Montes séndolle denegada a exención parcial de taxas de matrícula por Matrícula de Honra.

No informe que lle foi solicitado a Xefa do Servicio de Alumnado da Universidade de Santiago de Compostela indica o seguinte:

“En relación coa deducción de prezos públicos de matrícula de honra obtidas no terceiro curso de Enxeñeiro Técnico en Explotacións Forestais e que poidan aplicarse a cuarto curso da titulación de Enxeñeiro de Montes, o Decreto de prezos públicos da Xunta de Galicia e a Resolución da Universidade de Santiago de Compostela sobre a aplicación das deducións de matrícula de honra establecen que a deducción só se pode aplicar á mesma titulación na que se obteñan.

A titulación na que se matriculou é de só segundo ciclo e non continuación do primeiro ciclo, con independencia de que acceda á titulación de Enxeñeiro de Montes dende a titulación de Enxeñeiro Técnico en Explotacións Forestais.”

Sen embargo naquelas titulacións que son só de segundo ciclo ou ben que na Universidade de Santiago de Compostela se imparta só o segundo ciclo, como é o caso de Enxeñería de Montes, os estudantes que desexen obtela correspondente titulación vense obrigados a cursalos estudos de primeiro ciclo e, no seu caso, a obtela titulación que corresponda ó mesmo. Por elo a algúns efectos, en concreto ós que motivan a presente queixa, pódese considerar que o segundo ciclo é unha continuación dos estudos cursados no primeiro ciclo e non unha titulación diferente.

*Suxiro, polo tanto, que a Universidade considere a posibilidade de recoñecer a exención parcial de taxas de matrícula por Matrícula de Honra a aqueles estudantes que inicien estudos en titulacións das que se imparta só o segundo ciclo, e procedan das titulacións de primeiro ciclo que teñen recoñecido o dereito de acceso.*

### ***Q9902/08***

Os estudantes que presentan a queixa indican que na convocatoria dos cursos feitas polas Aulas de Informática do Campus de Santiago de Compostela (data de matrícula do 24 de febreiro) a oferta de cursos no seu centro é moi inferior, tanto en número como en variedade á dos restantes centros.

No informe que lle foi solicitado o Sr. vicerrector de Ordenación Académica comunicou que “a oferta de cursos fíxose en función da solicitude que nos fixeron chegar os centros.”

O Sr. decano do Centro informa que “a limitada oferta de cursos de Informática que se oferta ós estudantes é debida exclusivamente ás limitacións horarias da Aula de Informática desbordada para atender a docencia do Centro.”

Á vista do expostoponse de manifesto que a oferta dos cursos de Informática no Centro ó que se refire a queixa é inferior, tanto en número como en variedade, á que a Universidade de Santiago de Compostela fai nos restantes Centros do Campus de Santiago. Por elo *recomendo que se tomen as medidas necesarias para que nas seguintes convocatorias se aumente a oferta de cursos de xeito que poidan ser atendidas as necesidades e as solicitudes de cursos que presenten os estudantes.*

### ***Q9902/09***

Presentada por unha estudante en relación co trato recibido na docencia práctica dunha materia.

*Deuse coñecemento da queixa ó Sr. decano do centro e á profesora responsable da materia recordándolle a obriga de dispensar ós estudantes o trato que corresponde ó desempeño adecuado da súa labor docente.*

### ***Q9902/10***

Presentada por estudantes do terceiro ciclo da Universidade de Santiago de Compostela en relación cos cursos convocados polas Aulas de Informática (data de matrícula 24 de febreiro), indicando o seguinte:

- 1.- Que están a realizala súa tese de doutoramento en Departamentos da Universidade de Santiago de Compostela e cumpren as condicións que establece o artigo 127 dos Estatutos da Universidade para tela condición de estudantes de terceiro ciclo.
- 2.- Que non lles foi aceptada a matrícula nos mencionados cursos de informática como estudantes de terceiro ciclo por non estar matriculados nos Programas de Doutoramento.

No informe que foi solicitado ó Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións indícase que:

“... os alumnos de 3º ciclo que non están matriculados nos programas de doutoramento poden matricularse nos cursos que organiza a Aula de Informática.

Isto non foi posible na primeira fase xa que se lle deu preferencia ós alumnos de 1º e 2º ciclo ligados ós centros en que se celebraban os cursos e os alumnos de 3º ciclo dos cursos de doutoramento.”

O artigo 127 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establece que:

“Son estudantes de terceiro ciclo aquelas persoas que estean a realiza-los cursos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén terán esta condición os que nos tres anos seguintes ó remate do curso de doutoramento, estean a realiza-la tese de doutoramento con dedicación a tempo completo, acreditada polo departamento ou instituto.”

*Por elo recomendo que en posteriores convocatorias se faga referencia exclusivamente á condición de estudantes de terceiro ciclo, e non se establezan diferencias non contempladas nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.*

O Sr. vicerrector de Ordenación Académica comunica que a discriminación non foi arbitraria senón en función de colectivos dentro dos estudantes de 3º ciclo que poden ter necesidades diferenciadas.

***Q9903/01***

Igual á queixa *Q9902/10*

***Q9903/02***

Presentada por unha asociación de estudantes en relación coas eleccións de membros da Xunta de Facultade. Na mesma indican que no taboleiro electoral da Facultade publicouse o calendario do mencionado proceso electoral, e que nos días establecidos para a presentación de candidaturas non lles foron admitidas as solicitudes de proclamación de candidatos, sendo informados de que as mencionadas eleccións non se ían celebrar no seu centro durante o presente curso académico 1998/99.

No informe que lle foi solicitado o Sr. decano comunicou que *“Na Facultade no ano 1998, a finais do mes de xuño, houbo eleccións de alumnos para formar parte da Xunta de Facultade. Estas eleccións foron recorridas, recibindo a finais do mes de novembro a resolución da Comisión Electoral da Universidade a dito recurso.*

*Os alumnos elixidos toman posesión na primeira Xunta de Facultade que se celebra con posterioridade a esta data, a mediados do mes de decembro.*

*Na Facultade, en base ós Estatutos da Universidade, as votacións para a elección de representantes non deberían celebrarse antes do mes de decembro, por ter os representantes de alumnos 1 ano de mandato.”*

Solicitouse tamén informe ó Sr. vicerrector de Coordinación do Campus de Compostela, indicando o seguinte:

“1.- A Universidade de Santiago de Compostela non aprobou ningún calendario electoral único para as eleccións dos membros das Xuntas de Centro en representación dos Estudantes, xa que a competencia para a convocatoria das eleccións e para a fixación do calendario corresponde ó Decano ou Director do Centro. O que sí se fixo foi unha suxerencia de posible calendario electoral, logo de que a maioría dos Decanos e Directores nunha reunión coa Vicerrectora de Estudantes manifestasen o seu interese por un calendario uniforme. De tódolos xeitos debe quedar claro que ese calendario que se lles propuxo non foi aprobado por ningún órgano da USC, podendo, por tanto, os Decanos ou Directores, asumilo ou modificalo según estimasen máis oportuno.

En relación á propaganda institucional a Universidade a través do Vicerrectorado de Estudantes, de cara a fomentar a participación estudiantil, e tendo en conta que na inmensa maioría dos centros se adoptou o calendario proposto, elaborou uns carteis informativos nos que se publicitaba exclusivamente a data das votacións (24 de marzo).

Con posterioridade á recepción dos anteriores informes solicitouse ó Sr. vicerrector de Coordinación do Campus de Compostela aclaración sobre algúns aspectos, recibíndose o seguinte informe:

“1.- En relación á competencia dos Decanos para a convocatoria de eleccións a membros das Xuntas de Centro é certo que non existe ningunha atribución expresa ós Decanos da competencia para a súa convocatoria. Nembargantes veuse entendendo que en virtude da competencia residual que se lles atribúe para “tódolos asuntos concernentes ó goberno e a administración das facultades ou escola de non seren atribuídas a outros órganos” (art. 91.2 dos Estatutos), correspondíalles a eles a convocatoria de eleccións para a representación de estudantes. De tódolos xeitos no ano pasado fíxose unha proposta de calendario para a convocatoria de tales eleccións que foi seguida na maioría dos Centros.

Ó mesmo tempo infórmolle que estase a traballar no borrador dun Regulamento electoral xeral da Universidade no que se pretende incluír a convocatoria centralizada pola Comisión Electoral das eleccións a representantes de estudantes na Xunta de Facultade.

2.- No referente ó cómputo do período polo que son elixidos os representantes dos estudantes nas Xuntas de Centro, de acordo co informe da asesoría xurídica que lle acompañamos consideramos que debe tomarse en consideración a data das eleccións e non a de incorporación ó órgano.”

*Polo tanto, no que se refire á actuación concreta que motiva a presente queixa, queda claro que o cómputo do período polo que son elixidos os representantes debe facerse a partir da data da elección e non da data de incorporación ó órgano para o que foron elixidos. En consecuencia, a Facultade de Química debería ter celebrado as eleccións de representantes dos estudantes na Xunta de Facultade no mes de xuño de 1999 data na que se cumpría o prazo dun ano dende a celebración das eleccións anteriores.*

*Sen embargo, a presente queixa plantexa un problema máis fondo, como é a necesidade de unificar e simplificar os procesos electorais nos que participan os membros da comunidade universitaria, principalmente os estudantes. Posto que os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establecen períodos de dous anos para os representantes nos Consellos de Departamento (artigo 95) e no Claustro (artigo 68), o de un ano para os representantes nas Xuntas de Facultade ou Escola (artigo 86), suxíro que a unificación dos tempos polo que son elixidos sexa tida en conta no caso de que se plantexa unha reforma dos Estatutos.*



*No que se refire á convocatoria das eleccións unha centralización das mesmas, convocándoas simultaneamente en tódolos centros da Universidade, simplificaría o proceso ó mesmo tempo que facilitaría a publicidade tanto institucional como das organizacións estudiantís. Por elo recomendo, como prantexa no seu informe o Sr. vicerrector de Coordinación do Campus de Compostela, unha modificación do Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago de Compostela de xeito que a convocatoria das eleccións de representantes dos estudantes nos distintos órganos colexiados se faga de xeito centralizado e simultáneo en toda a Universidade e que, no posible, se fagan coincidir as convocatorias de elección de representantes nos distintos órganos colexiados (Claustro, Xuntas de Centro, e Consellos de Departamento).*

### ***Q9903/03***

Presentada por membros do P.A.S. en relación coa convocatoria de concurso de méritos para a provisión de postos de traballo de persoal funcionario.

Dado que os citados funcionarios teñen presentada unha solicitude ante a Sra. xerenta da Universidade *solicitouse información da resposta á mesma.*

*Unha vez recibida esta non se considera necesario abrila investigación prevista no Estatuto do Valedor.*

### ***Q9903/04***

Queixa presentada por un estudante que rematou os estudos na convocatoria extraordinaria Fin de Carreira e ó que o retraso na entrega das actas de exame non lle permite tramitala solicitude do Título de licenciado.

Dada a urxencia do tema *realízanse xestións telefónicas que permiten resolvela queixa plantexada.*

### ***Q9904/01***

En relación coa denegación dunha solicitude de modificación de matrícula. Na mesma indícase que as modificacións introducidas polo Centro no horario de clases das materias correspondentes ó segundo cuatrimestre deron lugar á coincidencia de horarios entre materias das que estaba matriculada.

O Servicio de Alumnado informa que o alumno ten formalizada matrícula en materias do segundo curso non tendo coincidencia horaria en ningunha delas, como se pode comprobar nos horarios definitivos do Centro, e que, polo tanto non hai motivos que xustifiquen a anulación da materia que solicita o interesado sendo axustada á normativa a resolución que no seu día se lle enviou ó interesado.

*Desta información dase traslado ó presentador da queixa.*

### ***Q9904/02***

Presentada por unha estudante de Terceiro Ciclo en relación co procedemento empregado no cálculo da nota media do seu expediente académico.

O Servicio de Alumnado remite un informe no que se indica que á interesada podería considerárselle parcialmente a súa queixa respecto dos complementos de formación cursados no primeiro ciclo da propia titulación para que figuren como adaptadas e coa cualificación realmente obtida, aínda que cos créditos que corresponden ós complementos de formación.

Así como que as materias realizadas a maiores ou en exceso para a obtención da titulación, que deberán figurar no expediente, non se computan para o cálculo da nota media do expediente, debendo solicitar a interesada que estas materias se imputen á libre elección ó abeiro do establecido no artigo 91 das Normas de Xestión Académica.

*Dita información foille enviada á presentadora da queixa.*

### ***Q9904/03***

En relación co uso da lingua galega na Universidade de Santiago de Compostela, na que se indica que non se está cumprindo o Regulamento do uso do galego aprobado pola Universidade.

Solicítase informe das actuacións que a Universidade de Santiago de Compostela esté levando a cabo na normalización e desenvolvemento do uso do galego, así como no control do cumprimento do mencionado Regulamento, e do mesmo *dase traslado ós presentadores da queixa.*

*Infórmaselles tamén de que no caso que desexen dar a coñecer algún incumprimento concreto da normativa poderán dirixirse á recentemente constituída Comisión de Normalización Lingüística do Claustro da Universidade de Santiago de Compostela ou ben dirixirse de novo ó Valedor da Comunidade Universitaria.*

### ***Q9905/01***

Sobre unha solicitude de revisión de exame.

*Infórmase que dado que a competencia sobre revisión de exames corresponde ó Sr. director do centro deberá dirixirille ó mesmo unha solicitude por escrito de acordo co que estableza o Regulamento de Réxime Interno do centro e que, unha vez que reciba a resposta poderá solicitar, se o desexa, a apertura da investigación que establece o Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria.*

Ata o momento non se tivo nova comunicación ó respecto.

### ***Q9905/02***

Presentada por unha estudante en relación coa non admisión de praza na Escola Infantil Breogán.

*Dase traslado da queixa ó Sr. vicerrector de Extensión Cultural e Servicios á Comunidade Universitaria* quen con posterioridade comunica a concesión da praza solicitada na Escola Infantil Breogán pola presentadora da queixa.

### ***Q9905/03***

Presentada por un estudante residente durante o curso 1997/98 nunha Residencia Universitaria en relación coa devolución da fianza.

A Sra. vicerrectora de Estudiantes comunica o seguinte:

“- Tanto na Convocatoria de prazas do SRI curso 1997/98 punto 3.2.7 (devolución de fianzas), como na Convocatoria de prazas do SUR 1998/99

punto 3.2.7 (devolución de fianzas) din: “A fianza devolverase a final de curso, agás naqueles casos nos que o residente deteriore as instalacións ou moblaxe do centro, teña pendentes débedas ou abandone o SUR antes de rematar o curso por causas que non sexan de forza maior ou non sexan directamente imputables á Universidade de Santiago de Compostela.”

- Tendo en conta o punto anterior, a devolución da fianza non se poderá realizar mentras os residentes do SUR manteñan débedas cos centros. No momento que aboen as mesmas, procederase á inmediata devolución da fianza por parte do Vicerrectorado.”

*Esta información foille enviada ó presentador da queixa.*

### ***Q9905/04***

Presentada por estudantes da Licenciatura de Farmacia en relación coa realización das prácticas tuteladas correspondentes ó curso 1998/99.

O Vicerrectorado de Ordenación Académica e o Decanato da Facultade de Farmacia resolven os problemas plantexados polos presentadores da queixa.

### ***Q9905/05***

En relación cun concurso para a provisión dunha praza de profesor asociado.

*Pendente da recepción dos informes solicitados.*

### ***Q9906/01***

Presentada por estudantes en relación coa expedición de diplomas acreditativos de asistencia a un curso organizado pola Universidade de Santiago de Compostela.

*Á vista dos informes recibidos súxrese que se expida un diploma acreditativo do curso a aqueles estudantes que o soliciten e ós que non lles fora entregado no seu momento.*

*Por outra parte, e tendo en conta o elevado número de cursos que organiza a Universidade de Santiago de Compostela, considero conveniente a elaboración dunha instrucción que homoxeinice a*

*expedición do diploma acreditativo de asistencia e, nos casos en que os estudantes o soliciten, a certificación do recoñecemento da actividade como créditos de libre configuración.*

### ***Q9906/02***

Presentada por unha estudante á que se comunica á anulación da matrícula por considerar que non tiña actualizado o título de familia numerosa.

Por tratarse dun erro procédese á rectificación de oficio da anulación de matrícula.

### ***Q9906/03***

Queixa presentada en relación cunha solicitude de pago fóra do prazo de matrícula dun curso correspondente a un programa de terceiro ciclo.

A Sección de Terceiro Ciclo da Universidade de Santiago de Compostela comunica que por Resolución Rectoral de data 8 de xullo foi estimado o recurso presentado e, en consecuencia, se lle concedeu a posibilidade de formalizala matrícula tendo en conta as alegacións presentadas.

### ***Q9906/04***

Presentada por estudantes dun Centro adscrito en relación co procedemento de implantación do novo plano de estudos o curso 1999/00.

O Sr. vicerrector de Ordenación Académica informa que no proceso de implantación do novo plano de estudos ós estudantes lles será respectado o dereito a continuar os estudos no plano no que os comezaron.

### ***Q9906/05***

Presentada por unha estudante en relación coa denegación dunha bolsa do programa Sócrates correspondente ó curso académico 1999/2000.

Recíbúse un informe do Sr. vicerrector de Relacións Exteriores e Proxección Universitaria.

*Pendente de elaboración do informe final.*

### ***Q9906/06***

Presentada por unha estudante en relación coa denegación dunha solicitude de validación de materias.

*Pendente de recibilos informes solicitados.*

## ***Q9906/07***

Foi admitida a trámite un escrito presentado por unha funcionaria da Universidade de Santiago de Compostela solicitando a intervención do Valedor da Comunidade Universitaria en relación coa non autorización do disfrute das vacacións no período en que o tiña solicitado.

No mencionado escrito indica o seguinte:

-Que no mes de abril presentou a solicitude de vacacións e ante a negativa a concedela autorización no período solicitado dirixiuse mediante escrito á Xerencia da Universidade para reiterala petición, séndolle denegada.

-Que ó non considerar xustificada a resposta enviou un novo escrito á Xerencia expoñéndolle cales son as tarefas desempeñadas no posto de traballo, como se reparte a carga de traballo ó longo de todo o ano, e poñendo de manifesto que en ningún caso a ausencia no período de vacacións solicitado afectaría negativamente ó funcionamento do servizo. A Xerencia volveu denegala petición mediante escrito de 18 de xuño.

Á vista dos informes e asesoramentos solicitados *envíase un informe á Xerencia da Universidade no que se indicaba o seguinte:*

- no escrito presentado pola funcionaria da Universidade detállanse as funcións que ten encomendadas e dase unha xustificación de por que, na súa opinión, o disfrute das vacacións no período que solicita non afectaría de xeito significativo ó servizo.

- o informe en que se fundamenta a non concesión é xenérico e non motiva de xeito suficiente as razóns da non concesión.

- das consultas realizadas pode deducirse que non serían significativamente diferentes os efectos que tería sobre o servizo o feito de que a funcionaria disfrute as vacacións no período que solicita ou no que lle foi concedido.

*Por lo suxiro que a Xerencia da Universidade revise a solicitude de período de vacacións e que se proceda á denegación do mesmo só no caso en que se de resposta ás alegacións que presenta e se motive suficientemente que a concesión do mesmo non é compatible coas necesidades do servicio.*

A Xerencia da Universidade comunica a concesión das vacacións no período solicitado pola presentadora da queixa.

### ***Q9906/08***

Presentada por unha estudante en relación coa non comparecencia do profesor encargado dunha materia ó exame final da convocatoria de xuño 1998/99.

O Sr. vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións comunica que “a queixa presentada xa foi resolta por acordo cos alumnos.”

### ***Q9907/01***

En relación cunha validación de créditos de libre configuración. Na mesma indícase o seguinte:

- 1.- Que realizou un curso organizado, en colaboración, pola Universidade de Santiago de Compostela. Na publicidade do mencionado curso consta a validación por un crédito de libre configuración “para tódolos estudantes da Universidade de Santiago de Compostela.”
- 2.- Que no certificado para o recoñecemento de cursos como créditos de libre configuración consta que o mencionado curso só se reconece para dúas titulacións.
- 3.- Que o prexuízo que este feito lle ocasiona vese agravado pola circunstancia de que non completaría os créditos necesarios para obtelo título no presente curso académico, xa que lle faltaría 1 crédito de libre configuración.

O Vicerrectorado de Ordenación Académica comunica que o presentador da queixa ten superados os créditos necesarios para a obrección do título.

### ***Q9907/02***

Presentada por un estudante do Campus de Lugo en relación co procedemento seguido pola Universidade de Santiago de Compostela para a expedición da certificación de estudos. Na mesma indica que para solicitar unha certificación de estudos, e abonadas correspondentes taxas ten que desprazarse a Lugo, ou ben facela solicitude por correo, pero non pode realizalo trámite nas Unidades de Xestión Académica do Campus de Compostela.

O Vicerrectorado de Ordenación Académica comunica que:

“Este Vicerrectorado e os servizos administrativos dependentes del comparten o seu criterio e estamos traballando na liña de que os estudantes poidan dirixirse á Unidade de Xestión que desexen, independentemente do Campus e Titulación.”

### ***Q9907/03***

Presentada por unha estudante da Facultade de Química, en relación cunha validación de materias. Na mesma indica o seguinte:

- 1.- Que accedeu a estudos de segundo ciclo e solicitou a validación dos complementos de formación realizados na titulación de primeiro ciclo.
- 2.- Que só se lle concedeu a validación dunha das materias solicitadas, mentres que o curso anterior ós estudantes en situación idéntica lles foron validadas as catro materias solicitadas.

*Estase á espera de recibir os informes solicitados.*

### ***Q9907/04***

En relación cunha solicitude de recoñecemento de créditos de libre configuración. Na mesma indícase o seguinte:

- 1.- Que durante o curso 1997/98 realizou dous cursos da aula de informática, que de acordo coa convocatoria dos mesmos poderían ter a consideración de créditos de libre configuración.
- 2.- Que foi informado de que ditos cursos non se lle ían recoñecer por ter cursada na titulación unha materia de contidos análogos.



3.- Que como consecuencia fáltanlle dous créditos de libre configuración para rematalos seus estudos e proceder a formalizalo depósito do título.

*Pendente de recibilos informes solicitados.*

### ***Q9907/05***

En relación cun curso organizado nun Departamento da Universidade de Santiago de Compostela.

As asinantes da queixa teñen presentada unha solicitude ó Sr. vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións , polo que *se está á espera da resolución da mesma.*

### ***Q9907/06***

En relación cun curso de Postgrao.

Dado que ten dirixido un escrito análogo ó Sr. director do Centro de Postgrao da Universidade de Santiago de Compostela, *solicítouse informe das actuacións que leve a cabo e da resolución final que tome en relación cos feitos manifestados no referido escrito, por se fose procedente a apertura da investigación que establece o Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria.*

### ***Q9909/01***

Igual á queixa *Q9905/05.*

### ***Q9909/02***

Queixa relacionada cunha alumna que ven de rematalos seus estudos e solicita a expedición do título universitario oficial efectuando o correspondente pagamento de taxas. A interesada necesita acreditar, para a consecución dun posto de traballo, a súa condición de licenciada a través da documentación oficial que se demora en entregarlle a Universidade.

*Feitas xestións coa Secretaría Xeral da Universidade foille expedida a certificación dentro do prazo de presentación da documentación.*

### ***Q9909/03***

Presentada por un estudante en relación coa exención parcial do pagamento dos prezos de matrícula que lle foi aplicada. Na mesma indica que nas liquidacións de matrícula correspondentes ós cursos 1997/98 e 1998/99 tiña dereito a exención parcial polas matrículas de honra obtidas no curso anterior, e que as cantidades deducidas por cada matrícula de honra non foron coincidentes nos dous casos.

Os informes recibidos indican que na resolución da exención de prezos de matrícula que motiva a presente queixa aplicouse o establecido no Decreto 191/1997 e na Resolución Rectoral do 19 de xullo de 1996, *se ben a interpretación que se fixo das normas é restrictiva e prexudicial para o solicitante, o que se ve agravado polo feito de que se trate do que se pode considerar un recoñecemento do rendemento académico dos estudantes*

*Por elo considero que a Universidade de Santiago de Compostela debería revisar a interpretación que se fai das normas a aplicar para o cálculo da exención de prezos de matrícula por matrícula de honra, xa que por tratarse dun premio a aplicación deberá ser xenerosa, e no caso que motiva a presente queixa suxiro que se revise a exención practicada.*

### ***Q9909/04***

En relación coa denegación da praza solicitada no Servicio Universitario de Residencias. Na mesma expón o seguinte:

- 1.- Que por causas de enfermidade solicitou á Comisión de Garantías ser eximida dos mínimos académicos na convocatoria de prazas para o curso 1999/2000.
- 2.- Que a solicitud foille desestimada sen que se lle indicaran os motivos que o xustificaron e que con posterioridade non se lle concedeu unha entrevista que solicitou para informarse das causas da denegación.

*Solicítase informe dos motivos da denegación á Sra. vicerrectora de Estudiantes e dase traslado dos mesmos á presentadora da queixa.*

### ***Q9909/05***

Presentada por un estudante en relación coa aplicación da exención de prezos de matrícula por minusvalía. Na mesma indica o seguinte:

- 1.- Que ten recoñecida unha minusvalía do 33 %, grao suficiente para disfrutar dos dereitos recoñecidos ós minusválidos.
- 2.- Que a Universidade de Santiago de Compostela non lle recoñece o dereito á gratuidade da matrícula que establece o artigo 30 da Lei 13/82 do 7 de abril.

Recibíronse os informes solicitados.

*Pendente da elaboración do informe final.*

## ***Q9909/06***

Presentada unha queixa por bolseiros de FPI en relación co procedemento de solicitude de bolsas de viaxe. Na mesma indican que teñen realizados os estudos de Terceiro Ciclo na Universidade de Santiago de Compostela e que entre a documentación a presentar para solicitar a bolsa de viaxe figura unha certificación académica oficial dos estudos do terceiro ciclo, polo que teñen que facelo pago das correspondentes taxas.

O Sr. vicerrector de Investigación enviou o seguinte informe:

“1º.- Que efectivamente entre a documentación solicitada figura a certificación académica oficial dos estudos do terceiro ciclo, xa que pode haber solicitantes que non tiveran feito estes estudos na nosa universidade.

2º.- Que ós bolseiros desta universidade se lles indica, tanto no Negociado de Terceiro Ciclo como no Servicio de Investigación e do Terceiro Ciclo, que no seu caso é suficiente un informe; informe que se emite de xeito gratuíto polo Negociado de Terceiro Ciclo.

3º.- Que en anos vindeiros, unha vez implantada a nova aplicación informática que permita a consulta de bases doutros servicios, este informe será innecesario; aínda que en calquera caso é imprescindible manter a esixencia da certificación para aqueles casos (poucos) que poidan presentarse de solicitantes con estudos de terceiro ciclo de fóra da nosa universidade.”

*Se ben é necesario, como indica o informe do Sr. vicerrector, solicitar a certificación académica a estudantes que procedan doutras Universidades, suxiro que a Universidade de Santiago de Compostela suprima das convocatorias que realiza a obrigatoriedade de que os solicitantes presenten información e documentación sobre datos que obran en poder da propia Universidade, e que mesmo nalgún caso, como o que motiva a presente queixa, teñen que solicitar noutro Servicio da propia Universidade.*

## ***Q9909/07***

En relación coa convocatoria de matrícula Fin de Carreira. Na mesma expónse o seguinte:

- 1.- Que na normativa referente á convocatoria Fin de Carreira correspondente ó curso 1998/99 non se consideraba a condición necesaria para poder realizar a matrícula ó ter cursada a materia no curso anterior.
- 2.- Que de acordo coa mencionada normativa organizaron a súa matrícula para o curso 98/99, non matriculándose das materias que tiñan previsto superar na mencionada convocatoria Fin de Carreira.
- 3.- Que no presente curso académico foi modificada a normativa incluíndo a obrigatoriedade de ter cursadas previamente as materias para poder solicitar a convocatoria Fin de Carreira, polo que non podería rematalos estudos ata a convocatoria de xuño.

O Sr. vicerrector de Ordenación Académica comunica que”

“No presente curso 1999/2000 non será de aplicación o requisito de terse matriculado con anterioridade das materias que matricule o estudante para concorrer á Convocatoria extraordinaria Fin de Carreira, por selo acordo da Xunta de Goberno posterior á finalización do prazo de matrícula ordinaria na Universidade de Santiago de Compostela.”

## **6.- CONCLUSIÓNS**

1.- A validación de estudos constitúe un dos aspectos no que se concentra un número importante de queixas e consultas efectuadas polos estudantes. Xa na memoria correspondente ó curso 96-97 se facía alusión a este problema e se deixaba constancia de que a Universidade tiña iniciado un proceso de reforma do procedemento de validación de estudos. Sen embargo ata o momento o mencionado proceso

non está rematado, polo que é necesario solicitar a urxente e necesaria simplificación do procedemento de solicitude e resolución de validación de estudos.

2.- Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela consideran estudantes de terceiro ciclo a aqueles que *”estean a realizar os cursos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén terán esta condición os que nos tres anos seguintes ó remate do curso de doutoramento, estean a realizar a tese de doutoramento con dedicación a tempo completo, acreditada polo departamento ou instituto.”*

Sen embargo en ocasións este colectivo de estudantes vese discriminado fronte ós que están matriculados nos cursos de terceiro ciclo, e mesmo se ven con dificultades á hora de dispoñer da tarxeta de identificación. Por elo é necesario insistir en que a Universidade lles recoñeza a condición que lles é outorgada nos Estatutos e que non faga distinción entre os estudantes de terceiro ciclo.

Existen, por outra parte, algúns que no ano inmediatamente posterior ó remate dos estudos de licenciatura están completando a súa formación nos departamentos da Universidade (algúns deles realizando a súa Tesiña de licenciatura) sen estar matriculados nos cursos de terceiro ciclo, en ocasións simplemente porque o programa que desexan seguir non comeza o curso no que rematan os seus estudos. É claro, e así se lles informa, que os Estatutos non lles recoñecen a condición de estudantes de terceiro ciclo, pero dado que para o seu traballo necesitan utilizar determinados servizos da Universidade, sería desexable que se establecera un procedemento que lles permitira o acceso ós mesmos.

3.- A aprobación polo Claustro da Universidade do Estatuto do Estudiantado permite dispoñer dun documento fundamental para a garantía dos dereitos dos estudantes. Por outra parte a “Normativa para a avaliación docente dos estudantes”, aprobada pola Xunta de Goberno da Universidade, na que se recollen aspectos tan importantes como a obrigatoriedade de facer públicos os programas das materias, as datas dos exames, os criterios a empregar na avaliación ou o dereito e o procedemento a seguir na revisión de exames, constitúe un valioso documento que sen dúbida contribuirá á mellora da calidade da docencia.

Sen embargo, se importante é dispoñer dos documentos máis importante é coñecelos e aplicalos. Neste sentido é necesario sinalar que moitos estudantes descoñecen a existencia da mencionada “Normativa para a avaliación” e mesmo a existencia dun Estatuto do Estudiantado, polo que a Universidade debería facer un esforzo de difusión e un control do cumprimento.

4.- Ultimamente está aumentando o número de cursiños realizados por institucións alleas á Universidade de Santiago de Compostela que fan constar na súa publicidade que son “validables por créditos de libre configuración”. Sen embargo, non se indica para que titulación son validables, xa que non son para todas, e mesmo nalgúns casos a publicidade é totalmente enganosa e non son validables para ningunha, xa que non teñen a preceptiva aprobación da Universidade.



É evidente que non se trata dunha responsabilidade da Universidade, e que é imposible que se coñezan e controlen tódolos cursiños que se realizan (teño constancia de que nalgún caso se detectou e se corrixiu), pero a Universidade debe poñer en coñecemento dos estudantes a necesidade de que previamente á realización dun cursiño se informe de se é validable e para qué titulación, e mesmo que poidan dispoñer dunha relación dos cursiños autorizados para ser validados como créditos de libre configuración.

5.- Habería que facer mención das queixas que suscitan os concursos para a provisión de prazas de profesorado interino e contratado. Sen embargo, a aprobación dunha nova normativa aconsella agardar á súa aplicación sen deixar de insistir na obrigatoriedade de que as comisións xulgadoras xustifiquen as cualificacións e publiciten os criterios de valoración empregados.

## 7.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

### QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	85	⇒ 94 reclamantes
Estudiantes:	72	⇒ colectivas: 9
Docentes:	8	⇒ colectivas: 0
P.A.S:	3	⇒ colectivas: 1
De oficio:	2	



## ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS

MES	Curso 97/98	Curso 98/99
Outubro	8	13
Novembro	15	9
Decembro	3	14
Xaneiro	8	6
Febreiro	8	10
Marzo	7	4
Abril	7	3
Maio	11	5
Xuño	8	8
Xullo	4	6
Agosto	0	0
Setembro	6	7
<b>Total curso</b>	<b>85</b>	<b>85</b>

**nº de queixas recibidas por curso**




## ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS




Total queixas recibidas	85	
Tramitadas:	73	⇒ 86%
Pendientes:	10	⇒ 12%
Rexeitadas:	2	⇒ 2%

### Estado de tramitación das Queixas



## PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas tramitadas		73
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	24	⇒ 33%
2 Meses:	27	⇒ 37%
3 Meses:	12	⇒ 16%
> 4 Meses:	10	⇒ 24%



## DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS	1
VALIDACIÓNS/ADAPTACIÓNS	8
XESTIÓN DA MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	17
S.U.R.	4
REIVINDICACIÓNS ÁMBITO LABORAL	10
DOCENCIA	17
AXUDAS A MEMBROS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA	1
SERVICIOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	4
ACCESO A ESTUDIOS	3
PROBLEMAS DERIVADOS DA IMPLANTACIÓN DE NOVOS PLANES DE ESTUDIO	4
PROCESOS ELECTORAIS	1
3º CICLO	4
USO DO GALEGO NA USC	2
CURSOS DE INFORMÁTICA	5
OUTRAS	4